

COUSAS DE a estrada



Concello da Estrada

Revista municipal
cuatrimestral
nº1/ Inverno 2010



**PROTEXENDO O NOSO
PATRIMONIO NATURAL**
| 4

**3467 PRAZAS DE
APARCAMENTO
E 30 HECTÁREAS DE
ZONAS VERDES** | 7

**XOSÉ M. MONTEAGUDO
PREMIO LITERARIO**
| 8

CALENDARIO FERAL
| 16




**X Feira Profesional
do Moble
de Galicia 2010**





*Disfruta de
A Estrada*



ÍNDICE

3	EDITORIAL
4	EN PORTADA
8	CULTURA
11	EDUCACIÓN
12	SOCIAL
16	FEIRAS
18	EMPREGO
20	BREVES
22	AXENDA CUTURAL
23	SERVIZOS

Nº 1. Inverno 2010
Revista de información municipal
do Concello de A Estrada
Xestión Publicidade: 981530200

José Antonio Dono López
Alcalde da Estrada



A Estrada está, sen dúbida, nun momento crucial da súa historia recente. Temos en trámites algúns dos proxectos que marcarán o noso futuro de cara aos vindeiros anos. En primeiro lugar, o Plan Xeral de Ordenación Municipal, longamente demandado e que se está a tramitar na actualidade, o cal permitirá a ordenación razoada do noso territorio. En segundo lugar, a continuación da Autovía a Santiago, que o anterior Goberno da Xunta deixou encetado. E en terceiro lugar, pero non menos importante, a creación de solo industrial que nos permita estar posicionados cando se produza a saída da crise económica.

En relación coa importancia do momento, está a aumentar a demanda de información entre a nosa cidadanía. Nos últimos tempos estamos a ver como aumenta o número de publicacións que intentan aportar unha visión máis local do que sucede no noso concello. Considero que ter unha cidadanía informada e crítica é fundamental para o correcto desenvolvemento das institucións democráticas; por iso, non podo menos que aledarme do xurdimento de novos medios de comunicación.

Desde esta páxina, quero dar a benvida a Cousas da Estrada, unha revista de carácter municipal, e que ten por obxectivo recopilar as novas que se van producindo na nosa vila e parroquias, e que xuntas constitúen a nosa pequena historia: as melloras que se producen nas condicións de vida, os acontecementos que marcan o transcurso do ano, e os feitos salientables que conforman as nosas vidas como comunidade.

Teño por certo que os e as estradenses saberán apreciar esta revista, polo seu punto de vista tan próximo á realidade cotiá. Gústanos que nos falen de nós, ser os protagonistas das noticias, e estar ben informados do que sucede.

Agardo que nun futuro moi próximo poidamos falar dunha Estrada perfectamente comunicada coas cidades máis importantes do noso contorno. Que a noticia sexa a creación de emprego, dentro dunha economía potente e modernizada, con empresas convertidas en auténticas referencias do seu sector. E que o noso concello, a nosa vila e os nosos lugares, destaquen polas súas boas condicións de vida e a calidade dos seus servizos.

Porque a noticia máis importante será a que escribamos entre todos: cara a onde se encamiñe a nosa vila durante os próximos anos. E para redactala, necesitamos da colaboración de todos os veciños e veciñas.

A ESTRADA PROTEXE O SEU PATRIMONIO NATURAL

O PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, PRESENTADO O DÍA 1 DE DECEMBRO, REPRESENTA UN INVENTARIO EXHAUSTIVO DOS RECURSOS NATURAIS DO TERMO MUNICIPAL DE A ESTRADA, CON INDICACIÓN DAS ZONAS MÁIS VULNERABLES, DEFINIÇÃO DE MODELOS DE COMBUSTIBILIDADE E MEDIOS DE EXTINCIÓN. AMAIS, O PLAN INCIDE NA RELEVANCIA DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN E RECOMENDA MEDIDAS DE FOMENTO E VALORIZACIÓN DO MONTE, COMO A CELEBRACIÓN DO DÍA DA ÁRBORE, ANDAINAS A TRAVÉS DOS MONTES DO CONCELLO OU ACCIÓNS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL.

O Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios forestais baséase nun estudo intensivo da realidade territorial e social do Concello da Estrada, incluíndo tanto os condicionantes naturais como humanos, que están relacionados coa declaración e extinción de lumes.

Coa redacción deste plan, A Estrada sitúase á cabeza dos concellos de Galicia en protección do medio natural, xa que é “o segundo concello de comarca/Galicia en contar con este tipo de documento, sendo así pioneiro no cumprimento da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia”, segundo sinalou durante o acto de presentación a primeira tenente de alcalde e concelleira de Medio Rural, Raquel López Doce.

CARACTERÍSTICAS NATURAIS

O Plan realiza unha descrición pormenorizada da orografía estradense, poñendo de relevo que, pese a que o solo dos vales é máis fértil, son as ladeiras das montañas as que presentan maior carga de material combustible. Este patrón responde ao feito de que as terras de val están tradicionalmente dedicadas a pasto, mentres que os montes, menos fértiles, presentan un maior estado de abandono no tocante a cultivos.

En función do tipo de cuberta vexetal, hai tres modelos de combustibilidade que ocupan o 80% da superficie da Estrada. Un primeiro que se caracteriza por ser un tipo de solo no que o lume se propagaría cunha velocidade moi alta, pero cunha intensidade moi baixa por presentar unha



A ESTRADA É PIONEIRA NO CUMPRIMENTO DA LEI 3/2007, DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA

PESE A QUE O SOLO DOS VALES É MÁIS FÉRTIL, AS LADEIRAS DAS MONTAÑAS PRESENTAN MAIOR CARGA DE MATERIAL COMBUSTIBLE

escasa carga de combustible e elementos finos. Este modelo atópase no 40,3% do territorio municipal. O segundo modelo, que ocupa o 19,7% dos solos da Estrada, corresponde a un tipo de vexetación no que o incendio propagaríase a través da copa do mato constituído por especies inflamables. Para isto require de ventos con velocidade superior a 13 km/h. E no terceiro modelo, presente no 22,2% dos solos, corresponde a especies arbóreas caducifolias, e aquí o lume propagaríase de xeito bastante rápido a velocidades de vento non moi altas pola proxección de muxicas e cunha intensidade de chama media.

DEFINE MODELOS DE COMBUSTIBILIDADE EN FUNCIÓN DO TIPO DE CUBERTA VEXETAL QUE PRESENTA O TERRITORIO DO CONCELLO E INDICAN O MODO DE PROPAGACIÓN QUE CORRESPONDE A CADA UN DELES

A actividade dos medios aéreos de extinción non se ve condicionada pola configuración do relevo, acadándose en toda a extensión do distrito unha cadencia de auga por helicóptero de menos de 10 minutos, desde o momento da captación ata o de descarga.

MEDIOS DE EXTINCIÓN

O Plan describe os medios cos que conta o Concello para a prevención e a extinción de incendios. Eses medios inclúen tres vehículos motobomba da Agrupación Local de Protección Civil, un vehículo motobomba conveniado coa Xunta de Galicia, un todoterreo, e tres tractores. En canto a medios humanos, A Estrada dispón dos 9 membros de Protección Civil que prestan servizo todo o ano, ademais dos 12 integrantes do GRUMIR dispoñibles durante 9 meses, dous tractoristas e un operario. Tamén se inclúen neste rexistro unha motoserra e 25 batelumes, ademais doutros materiais de extinción e protección individuais.

O Plan establece pautas de actuación en caso de incendio forestal, así como prioridades de intervención, en función da protección de determinados espazos naturais e outros factores, como o grao de risco de cada territorio. Distíngue entre actuacións obrigatorias a executar polo Concello, actuacións de control e vixilancia, de dinamización e medidas preventivas.



HAI UNHA CADENCIA DE AUGA POR HELICÓPTERO DE MENOS DE 10 MINUTOS EN TODA A EXTENSIÓN DO DISTRITO FORESTAL, CONTANDO DESDE O MOMENTO DA CAPTACIÓN ATA O DE DESCARGA

Entre as obrigatorias inclúe a limpeza de parcelas con infraestruturas de uso público como colexios, centros de saúde ou similares. Tamén a limpeza de camiños de titularidade municipal, e a vixilancia do cumprimento da lei por parte doutras administracións e empresas titulares de infraestruturas de comunicación, tendidos eléctricos, etc.

O Plan recomenda a posta en marcha de actividades de educación e divulgación, así como o fomento do asociacionismo e a conciliación de intereses entre propietarios forestais e axentes do contorno rural. Segundo o plan, é mellor ofrecer alternativas de xestión do medio aos particulares que a imposición dos custes das labores de limpeza.

Outro elemento importante é ofrecer aos propietarios un programa racional de mantemento das súas explotacións, a través da formación en xestión forestal, sobre cuestións como a poda, a reutilización de residuos, a compostaxe ou a micoloxía, que valoricen o monte como produción continua e sostible.



Entre as recomendacións, propón iniciativas como a celebración do día da árbore, a organización de eventos no medio forestal, andainas a través dos montes do concello ou a realización de accións de voluntariado ambiental.

ORZAMENTO

O Plan inclúe un orzamento estimado de todas estas medidas, valorando como custe anual para o período 2010-2013 a cantidade de 363.605,43 euros. Deste volume económico, a maior partida é a constituída polas actuacións de limpeza de marxes de camiños e de fincas de titularidade municipal, realizadas con persoal e medios propios, e que ascenden a un total de 249.198 euros; mentres que para as medidas dirixidas á concienciación da poboación precísase unha cantidade que ronda os 20.000 euros.

O PLAN RECOMENDA MEDIDAS DE FOMENTO E VALORIZACIÓN DO MONTE, COMO A CELEBRACIÓN DO DÍA DA ÁRBORE, ANDAINAS A TRAVÉS DOS MONTES DO CONCELLO OU ACCIÓNS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL

3467 PRAZAS DE APARCAMENTO PÚBLICO E 30 HECTÁREAS DE NOVAS ZONAS VERDES

Co obxectivo de mellorar as dificultades circulatorias e os problemas de aparcamento que presenta na actualidade A Estrada, o novo Plan Xeral urbanístico- que se prevé entre en vigor no último trimestre do ano- contempla crear un total de 3.467 prazas de parking. Estas prazas, das cales 314 son a maiores do previsto pola Lei, estarán distribuídas entre máis dunha veintena de solos urbanizables.

Asemade, o PXOM contempla tamén a creación de 300.000 metros cadrados de novas zonas verdes. Estes espazos solventarán o actual déficit que padece o actual casco urbano do Concello, e contornearán a vila seguindo o trazado de tres novas vías de circunvalación e humanización ao redor do casco urbano.

A intención do Goberno local é a de crear unha importante reserva de solo para espazos libres, de xeito que non só se dean solución ás carencias actuais, senón que sirvan de base para futuros desenvolvementos urbanísticos.

PRESENTADA A SINALIZACIÓN DAS RUTAS BTT DA RAPA E DO SALMÓN

Xoán Carlos Castro, concelleiro de Deportes da Estrada, presentou o 17 de febreiro a sinalización das rutas BTT da Rapa e do Salmón. En total instaláronse uns 600 puntos de sinalización entre as dúas rutas, que constitúen itinerarios próximos aos cen quilómetros. Esta iniciativa contou cunha subvención da Xunta de aproximadamente 44.000 euros. Castro quixo agradecer a colaboración da asociación ciclista Bikestrada, creadores destas rutas, e sen quen esta iniciativa non sería posible.

Ambas rutas parten desde a zona deportiva da vila de A Estrada e constitúen as primeiras que en Galicia reciben a certificación IMBA, xa que contan con indicadores homologados. A Ruta Rapa das Bestas transcorre por Ouzande, A Somoza, o monte cabalar, Codeseda, e chega ata Sabucedo, mentres que ao seu regreso pasa polo Couto da Pereira, as parroquias de Souto, e Arca, Monte Redondo, e o Pedregal, antes de chegar ao casco urbano.

A ruta do Salmón discorre a carón dos ríos Veá e Ulla, un sistema fluvial declarado Lugar de Importancia Comunitaria. Neste caso, tras pasar por Matalobos alcánzase a beira do Veá en Gondomar de Abaixo, para continuar polas parroquias de San Xiao, Santa Cristina e Couso de Veá. Despois, continúaase por Cora, Santeles e Paradela a carón do Ulla, regresando cara á vila seguindo o leito do río Liñares.

HAMBURGUESAS · GRANIZADOS · HELADOS · BATIDOS · CAFÉS



Café Boliche

Avda. Benito Vigo, 74 · Tel. 986 575 175 · A Estrada

XOSE MONTEAGUDO FOLGAR, PREMIO MANUEL GARCÍA BARROS DE LITERATURA



O escritor Xosé Monteagudo Folgar (Moraña, Pontevedra, 1965) recibiu o Premio Manuel García Barros de Literatura, na súa XXI edición, pola súa novela “Un tipo listo” nun acto celebrado o 11 de decembro no Teatro Principal da Estrada, que contou coa presenza de representantes das tres institucións que colaboran na realización do certame –Concello, Diputación Porvvincial e Xunta-.



Presidida por José Antonio Dono, alcalde da Estrada, asistiron á gala de entrega do premio o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo, e o vicepresidente da Deputación de Pontevedra, José Crespo. O presidente de Galaxia, Víctor Freixanes, representou á editorial que publica o texto gañador, como parte do premio.

Asemade, deronse cita numerosos persoeiros do mundo das letras galegas, como os escritores e críticos literarios Xerardo Agrafoxo, Anxo Sumai, Armando Requeixo, Carlos Lema, Antón Riveiro, Miguel Anxo Murado, María López Sande, Xosé Manuel Eiré, Luis Alonso Gil, e o autor da obra gañadora na anterior convocatoria, Xesús Constenla. No transcurso do acto, amenizado con actuacións da Coral Polifónica de Berres, entregáronse aos asistentes exemplares da novela gañadora.

“Un tipo listo” mereceu o premio, segundo os membros do xurado pola orixinalidade da trama da novela, dentro do universo da literatura en galego, xa que xira en torno a un desfalco bancario na década dos 80. O xurado considera que se trata dunha peza de calidade e moi cohesionada, cun ritmo de lectura rápido e sen caídas, e con personaxes de gran autenticidade. A obra ten trazas de crónica familiar e social, ao tempo que propón unha reflexión de alcance ético.

O autor, Xosé Monteagudo Folgar, que reside en Pontevedra, xa obtivera en 2002 o premio Blanco Amor coa súa primeira novela, “As voces da noticia”.



A FUNDACION ATAPUERCA DEIXA A SÚA PEGADA EN A ESTRADA, COA EXPOSICIÓN 'ARQUEOLOXÍA EN CLAVE DE XÉNERO'

Por primeira vez, a Fundación Atapuerca achegou a súa pegada de investigación á Estrada, a través da montaxe da exposición "Arqueoloxía en clave de xénero", en colaboración cos Departamentos de Cultura e de Igualdade do Concello, que estivo aberta ao público do 3 ao 21 de febreiro.

Esta mostra, composta por 39 fotografías e 2 paneis explicativos, dá a coñecer o día a día do traballo nun xacemento arqueolóxico, non só no de Atapuerca, senón noutros da península ibérica como o de Abric Romaní, en Barcelona. Ademais, introduce a perspectiva da muller como axente da investigación científica, permitindo visualizar o seu labor no traballo de campo, pero tamén en ámbitos relacionados como, por exemplo, o laboratorio.

Na actualidade, as mulleres supoñen máis da metade do persoal que está a traballar no xacemento de Atapuerca, e máis de dous terzos do total de empregados noutros xacementos como o mencionado de Abric Romaní. Sen embargo, a súa incorporación á dirección de proxectos de investigación segue a ser case irrelevante.

Por ese motivo, esta exposición da Fundación Atapuerca pretende servir para que a sociedade perciba que o mundo científico é un campo laboral aberto ás mulleres, e para a toma de conciencia sobre a importante representación feminina que existe nel.

O concelleiro de Cultura, Manuel Sanmartín, declaraba días antes da inauguración da exposición que "quizais algunha rapaza estradense, vendo estas fotos, comprobe que a arqueoloxía, como tantos outros apartados laborais, xa non é un terreo excluído para as mulleres e se anime a formarse e contribuír no futuro, co seu traballo, a desvelar os enigmas da evolución humana".

Á inauguración asistiu Cristina Cuesta Marín, representante da Fundación Atapuerca e responsable da área de Didáctica e proxectos de difusión, así como de todas as exposicións que organiza a Fundación.



FUNDACIÓN ATAPUERCA

A Fundación Atapuerca foi constituída en 1999, coa fin de dar a coñecer os achádegos realizados no xacemento, e difundir información sobre os descubrimentos científicos no eido da evolución humana.

O xacemento de Atapuerca é, sen dúbida, o sitio arqueolóxico máis coñecido de España e de toda Europa. Nel coexisten fósiles de ata 1.2 millóns de anos con outros moito máis recentes, de 3.000 anos de antigüidade.

É, por tanto, un lugar único no mundo pola súa continuidade de uso no tempo por parte de distintas comunidades de homínidos. Nel atopáronse restos e evidencias que resultaron fundamentais para coñecer o comportamento dos nosos antecesores, o cal, á súa vez, nos permite saber moito máis sobre nós mesmos.

Desde o ano 2000, os xacementos pleistocénicos de Atapuerca están incluídos no Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

GALITOOON REPRESENTA BABILIGLUB, PARA OS MÁIS CATIVOS

A compañía Galitoon representou o 12 de outubro no Teatro Principal a obra Babiglub, incluída na programación de teatro infantil de outono, e dirixida a un público eminentemente infantil e familiar.

Galitoon está especializada na construción de marionetas, creando espectáculos visualmente moi impactantes. Por medio da técnica da luz negra, a compañía é capaz de facer viaxar a pequenos e meirandes ao mundo submarino, onde o público asiste á vida cotiá das criaturas das profundidades oceánicas.

Babiglub aposta polo visual e o musical, nunha obra que, para comunicar a súa trama, apenas precisa de palabras. A historia desenvólvese a través do movemento, do ritmo, e da presenza das personaxes.



Na obra, a tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar vese interrompida por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á dos demais habitantes das

profundidades, xa que só sabe dicir “Miau”. O protagonista intenta integrarse na vida cotiá dos seus veciños, pero resulta rexeitado por case todos. Só unha pequena estrela de mar acepta as peculiaridades do peixiño, imitándoo e acompañándoo en divertidas aventuras.

‘FAUNA ALADA DE GALICIA’ NO TEATRO PRINCIPAL

Caixa Galicia, a través da súa Obra Social, organizou unha mostra didáctica titulada Fauna alada de Galicia, que estivo aberta ao público visitante entre o 12 e o 31 de xaneiro no Teatro Principal de A Estrada, no que foi unha excelente oportunidade para descubrir a riqueza e variedade da fauna silvestre galega, así como divulgar e promover o seu coñecemento.

Insectos, aves, morcegos... que plasmados nas 30 fotografías da exposición, foron unha invitación aos visitantes a reflexionar sobre a necesidade de coñecer e preservar os animais que nela se presentan, así como os medios naturais onde habitan. As imaxes foron tomadas en espazos naturais protexidos da nosa comunidade, como a lagoa de Valdoviño, Estaca de Bares, o complexo dunar de Corrubedo, ou as lagoas de Vixán, Carregal e Baldaio.



Cada fotografía achégase cunha breve lenda acerca do insecto, ave ou morcego fotografado, o seu comportamento e os coidados necesarios para a súa conservación. Ademais a exposición complétase con catro paneis que detallan, de modo sinxelo e ameno, o voo da fauna alada de Galicia.

Durante o período de permanencia da exposición, realizáronse visitas guiadas á mesma, dirixidas principalmente a alumnos dos centros escolares estradenses, algúns dos cales mesmo participaron na sesión de inauguración, como os alumnos do Cabada Vázquez. Ao seu paso pola exposición, os escolares recibiron unha unidade didáctica que ten como obxectivo afianzar os

coñecementos adquiridos na visita á exposición.

Para unha maior interactividade e aproveitamento desta iniciativa, a web da Obra Social de Caixa Galicia está preparada para permitir descargar as fichas didácticas da exposición, deseñadas para que os estudantes poidan empregarlas ben durante a visita á exposición, ben para traballar a posteriori ou mesmo de maneira combinada.

O CONSELLO ESCOLAR, POLA MELLORA DOS CENTROS EDUCATIVOS DA ESTRADA

O Consello Escolar Municipal da Estrada abordou na súa última xuntanza no mes de decembro unha avaliación das necesidades dos centros educativos da Estrada. A Comisión de Equipamento do Consello redactou unha memoria, dirixida á Xunta de Galicia, na que se describen as deficiencias dos centros de Primaria e Secundaria da localidade, co fin de que se tomen as medidas oportunas a fin de corrixilas.

As necesidades dos centros refírense, principalmente, á situación dos edificios, como poden ser a mellora dos peches dos recintos, o estado das fiestras e das portas de acceso, a mellora de instalacións eléctricas e de abastecemento de auga, a insonorización de aulas de música, ou a adecuación ás condicións de seguridade e accesibilidade esixidas por lei.

Complementariamente, hai cuestións que teñen que ver con distintos equipamentos, como calefaccións, ampliacións de bibliotecas, adecentamento de aseos, adquisición de distinto mobiliario, pintado de aulas, construcións de cubertos nos patios dalgúns centros, ou material de emerxencia.

Algunhas das demandas das ANPAS afectan a cuestións de competencia municipal, como poden ser algunhas relativas ao transporte escolar, ou a instalación dunha valla no desnivel que existe na rúa da Cultura.

Na reunión, os participantes acordaron por unanimidade dirixirse á Consellería de Educación para que se axilice a reforma de ampliación do CEIP Pérez Viendi. Tamén se apoiou a solicitude presentada polo IES Manuel García Barros, para que se preste servizo en exclusividade dun especialista en Atención e Liguaxe, dada a alta demanda dese servizo por parte do alumnado.

ALUMNOS DE 2º DA ESO VEN 'O FILLO DE RAMBOW' NO PROGRAMA CINENSINO

Un grupo de alumnos de 2º da ESO do concello da Estrada participaron o día 20 de xaneiro nunha nova xornada do programa Cinensino, coa proxección da película "O fillo de Rambow", nos Minicines Central da Estrada.


Este filme é unha coprodución entre Francia e Reino Unido rodada en 2007, e dirixida por Garth Jennings. Con ela, os escolares tiveron oportunidade de traballar o módulo da presión do grupo como factor clave na iniciación ao consumo de drogas. Ambientada nun verán dos anos 80, narra a historia de dous xóvenes obsesionados coa personaxe de Rambow, que deciden rodar a súa propia versión da película.

Coa proxección desta película, a segunda do ciclo, o Concello da Estrada continúa co programa Cinensino, en colaboración co Plan de Galicia sobre Drogas e os catro institutos de Educación Secundaria locais. O programa consiste na proxección de tres películas de actualidade que expoñen os contidos relacionados coa prevención do consumo de drogas.

Cada película leva aparelada a súa correspondente unidade didáctica que logo é traballada por alumnos e profesores nas aulas. Este traballo posterior dos alumnos é fundamental para o éxito do programa, no que resulta estratéxica a colaboración dos centros que participan nesta actividade.

O obxectivo deste programa é previr a aparición de problemas relacionados co consumo de drogas a través de diferentes aspectos: aportar unha información veraz acerca da natureza, efectos e riscos derivados do uso de drogas; fortalecer nos rapaces e rapazas recursos persoais que lles permitan manexarse ben en situacións de grupo, e favorecer o desenvolvemento de actitudes e valores saudables xunto coa ocupación sá do tempo libre mediante ocio e deportes.

CUBIK
gestión inmobiliaria
A ESTRADA



Justo Martínez, 8 baje
56600 A Estrada, Pontevedra
Telef. 986.590.950 Fax. 986.590.951
www.cubikemobiliariae.com

“MAIORES EN ACTIVO” VIAXA A VALENÇA DO MIÑO, TUI E PONTEVEDRA

Un grupo de persoas inscritas no programa de tempo libre “Maiores en Activo”, para promover unha vellez saudable e un comportamento socialmente participativo, disfrutou o 16 de decembro dunha excursión con visita a Valença do Minho, xantar en Tui, paseo guiado por esta localidade e finalmente visita guiada á exposición “A evolución da arte galega”, na Fundación Caixa Galicia de Pontevedra.

Con anterioridade a esta excursión, o 21 de novembro tivo lugar a segunda xornada de encontro e convivencia de maiores no pavillón multiusos anexo ao polideportivo Coto Ferreiro, destinada aos estradenses de máis de 60 anos. Na convivencia representouse a obra de teatro Un morto moi vivo, protagonizada por Isi, Amadora, de Os Tonechos; Chelo do Rejo e Toño Pena; seguida dun almorzo de confraternización.

ESTENDER O PROGRAMA AO RURAL

Para planificar a nova edición do programa Maiores en Activo en 2010, a concelleira Ana Asorey mantivo un encontro cos participantes da anterior edición, para coñecer as súas impresións sobre a mesma e avaliar os aspectos susceptibles de mellora. Asemade mantivo no mes de xaneiro un encontro con distintas asociacións veciñais e alcaldes de barrio en representación das parroquias, co obxecto de estender as accións do programa Maiores en Activo ás parroquias do rural, evitando así aos participantes o desprazamento á vila e permitíndolles participar nas actividades.

O Departamento de Cultura puxo en marcha en xaneiro tres actividades que consisten nun curso que inclúe manualidades, obradoiro de memoria e estimulación cognitiva, e historia da cultura galega. Estas actividades desenvólvense en 10 parroquias.

O día 15 de xaneiro rematou o prazo de solicitudes para as persoas interesadas en participar na primeira quenda –entre febreiro e agosto– no programa de termalismo social do Imsero ao longo do ano 2010, mentres que as interesadas en facelo na segunda quenda –entre setembro e decembro– poden inscribirse no Concello antes do 17 de maio.

Os requisitos para participar neste programa son superar os sesenta anos e ser pensionista da Seguridade Social por calquera dos conceptos posibles (xubilación, invalidez ou viuvez). É necesario que os participantes poidan valer por si mesmos para as actividades cotiás, e que precisen dos tratamentos termais solicitados, sen que exista contraindicación médica para a recepción dos mesmos. A persoa solicitante poderá acudir acompañado do seu cónxuxe ou parella, sen que exista obriga de que esta sexa pensionista.

O programa de termalismo do Imsero ofrece estancias de 12 días que comprenden aloxamento e manutención en pensión completa, ademais dos tratamentos termais que en cada caso prescriba o médico do balneario. Os centros ofrecidos atópanse en todo o territorio de España.

Os beneficiarios do programa terán que desprazarse aos establecementos termais polos seus propios medios.

Unha vez rematado o período de inscrición, haberá un segundo prazo de solicitudes para a inclusión na lista de espera de prazas, que estará habilitado ata o 17 de maio para a primeira quenda de estancias, e ata o 29 de outubro na segunda quenda.

PROGRAMA DE TERMALISMO PARA 2010

XANTAR NA CASA: MENÚS A 1,85 EUROS PARA MAIORES, DEPENDENTES OU PERSOAS SEN RECURSOS

Menús completos, equilibrados, adaptados ás necesidades do consumidor e por menos de dous euros. Esa é a esencia do proxecto que pon en marcha o Concello de A Estrada tras o convenio asinado entre a Administración municipal e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Baixo o nome de "Xantar na casa", esta iniciativa está destinada a persoas maiores de 60 anos cunha autonomía reducida, a dependentes sen apoio familiar e a persoas que se atopan nunha situación de exclusión social. En virtude do convenio firmado entre o concello e a Administración galega, o Consorcio achegará o 46,66% do custe dos menús, correspondendo ás arcas municipais e ao beneficiario un 26,67%, respectivamente. O importe do menú é de 6,93 euros, de xeito que o usuario final únicamente pagaría 1,85 euros.

A filosofía do programa radica en proporcionar aos seus destinatarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo a cada caso de forma individualizada e de modo profesional, sempre baixo a finalidade de evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores ou dependentes por seguir unha dieta inadecuada. Amais, con esta fórmula se evitan os riscos que poidan existir no proceso de elaboración da comida por parte destes beneficiarios, toda vez que se facilita o día a día ás familias e aos cuidadores de persoas con certo nivel de dependencia.



Os menús que se ofrecen son variados e adaptados ás súas necesidades, gustos e hábitos, así como á época do ano, procurando a utilización de produtos de orixe galega. As persoas beneficiarias do programa "Xantar na casa" reciben estas comidas no seu domicilio unha vez á semana, distribuídas en sete bandexas diferentes para cada día, cos produtos presentados e embalados con garantías sobre a súa conservación durante este tempo.

O departamento de Servizos Sociais, coordinado pola concelleira Ana Asorey, fai un seguimento do programa, enviando un asistente á vivenda dos beneficiarios para comprobar o seu correcto funcionamento e coñecer se realmente se están alimentando de maneira adecuada.



HIERROS DIEGO, S.L. - POLIGONO INDUSTRIAL DE TOEDO. A ESTRADA
Tfno: 986 590 044 • Fax: 986 572 615
www.hierrosdiego.com



SERVICIOS

- CORTE DE CHAPA:
 - OXCORTE
 - CIZALLA
 - PLASMA
- CORTE DE PERFILES
- PUNZONADO DE CHAPA Y ÁNGULO
- GRANALLADO Y PINTADO DE PERFILES Y CHAPA



Pone en funcionamiento un nuevo servicio a disposición de sus clientes:

**LINEA DE
GRANALLADO
Y PINTADO DE
PERFILES Y CHAPA**



HIERROS DIEGO, S.L.

DISTRIBUIDOR DE PRODUCTOS SIDERURGICOS

SERVIZOS SOCIAIS ATENDEU PRETO DE 6.000 PERSOAS EN 2009

O balance de actuación do Departamento de Servizos Sociais en 2009 suma un total de 5.899 cidadáns atendidos, contabilizando aqueles que se achegaron á unidade administrativa con demandas de información e de orientación, e a aqueles que participaron nas distintas actividades convocadas desde o Concello.

Estas cifras refírense ao número de persoas individuais, non ao número de intervencións do departamento (é dicir, só inclúe consultas sen repetición). Delas, 1.855 foron derivadas e atendidas polos tres traballadores sociais dos que dispón o concello.

PERSOAS MAIORES E DISCAPACITADOS, A MAIOR DEMANDA

O colectivo de persoas maiores representa o de maior participación, cun total de 3.370 persoas que se inscribiron en distintos programas ou solicitaron atención asistencial. Para este colectivo, o Concello xestionou diversos programas, como as viaxes do Imsero, o programa Maiores en activo, os programas de termalismo, ou a instalación de parques biosaudables nas prazas da Feira e do Mercado. Tamén tivo lugar a segunda xornada de maiores, que contou con 700 participantes.

O segundo dos colectivos que máis demanda xerou foi o de persoas discapacitadas, cun total de 590 atencións, seguido polas 578 persoas emigrantes que solicitaron, principalmente, asesoramento para a realización de trámites administrativos. Este tipo de axuda foi moi demandada tamén polas persoas inmigrantes procedentes doutros países, que supuxeron 312 atencións e participacións. Para este colectivo, este ano iniciáronse algúns programas específicos, como os talleres de saúde para mulleres.

Outro dos colectivos que tradicionalmente xera unha gran demanda de accións por parte do Departamento é o de menores, con 182 actuacións relacionadas con menores durante 2009.

Os mozos e mozas, con 95 casos que demandaron atención, e as mulleres, con 59, foron os seguintes colectivos polo seu número de consultas. As persoas toxicómanas [33], as sen fogar [21] o colectivo de reclusos e ex-reclusos ou as persoas enfermas psiquiátricas, con 6 usuarios en cada un dos casos, tamén foron obxecto de atención no departamento.

170 UNIDADES FAMILIARES, ATENDIDAS EN AXUDA NO FOGAR

Dentro do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), foron atendidas un total de 170 unidades familiares durante o ano 2009, das que 49 persoas teñen dereito a esta prestación pola súa situación de dependencia.

As persoas que teñen limitada a súa autonomía, por motivos de índole psíquica, física ou social, reciben así atención do Servizo de Axuda no Fogar desde unha perspectiva integral e normalizadora. A axuda préstase no propio domicilio dos beneficiarios, favorecendo a permanencia no seu propio entorno e mellorando a súa calidade de vida, ao tempo que se evitan molestias derivadas de desprazamentos ou realoxamentos.

As prestacións que ofrece inclúen servizos de carácter doméstico e persoal -como pode ser a limpeza da vivenda, o lavado da roupa, a realización de compras, ou o aseo persoal, entre outras-, ou de carácter social e educativo.



O conxunto das persoas dependentes recibiron, como suma anual de todos os usuarios, un total de 13.159 horas de prestación.

DEPENDENCIA

Para as persoas que teñen recoñecida a súa dependencia, o SAF constitúe un dereito recoñecido a través da Lei de Dependencia. Un Plan Individual de Atención establece o número de horas ás que esa persoa terá dereito.

Das 49 persoas dependentes atendidas en 2009, 40 eran maiores de 65 anos, mentres que 9 delas, menores de idade, presentaban distintos tipos de minusvalía. O conxunto das persoas dependentes recibiron o pasado ano un total de 13.159 horas de prestación.

O Departamento de Servizos Sociais manexa como previsión a incorporación de, cando menos, 21 persoas valoradas como dependentes ao SAF ao longo de 2010, que están á espera da remisión do preceptivo Plan Individual de Atención da Administración autonómica.

SERVIZO BÁSICO

Pola súa banda, o servizo básico diferénciase do anterior polo modo de acceso, que depende dunha solicitude que debe presentar o usuario, e está condicionado por unha valoración realizada pola administración, así como pola dispoñibilidade de prazas no servizo.

A axuda no fogar ten a consideración de prestación básica dos servizos sociais, e o seu carácter, no caso do servizo básico, é complementario e transitorio.

As 121 persoas incluídas no servizo básico tiveron un total de 16.371 horas de prestacións ao longo do ano 2009.

O SAF funciona mediante o principio de copago, no cal se comparten custes entre a administración pública e o beneficiario. Este abona unha porcentaxe do custe, que será maior ou menor en base á valoración establecida ao formar parte do servizo.

OBRADOIRO DE SAÚDE PARA MULLERES INMIGRANTES

O 2 de decembro comezou o obradoiro de saúde dirixido a mulleres inmigrantes, organizado polo Departamento de Servizos Sociais do Concello da Estrada. Cun total de 15 sesións, distribuídas os luns, mércores e venres, un grupo de 13 mulleres participaron nestes obradoiros, que serviron de canle para facilitarlles os coñecementos orientados a que se convertan en promotoras de actitudes saudables dentro da súa unidade familiar.

Do total das participantes, 11 son de orixe marroquí, mentres que as restantes proceden de América do Sur e de Europa. Esta é unha das primeiras actividades organizadas polo Concello da Estrada enfocada directamente á integración do colectivo de mulleres inmigrantes.

A impartición destes cursos estivo baseada nunha metodoloxía dinámica e participativa, enfocada cara á interactividade e o carácter visual dos materiais empregados. Deste xeito, favoreceuse a superación da barreira idiomática e o descoñecemento do idioma por parte das asistentes.

A docencia foi impartida por unha monitora que contou coa colaboración doutra persoa de apoio para secundar as explicacións.

Complementariamente, houbo un servizo de gardería para atender aos menores a cargo das mulleres participantes, e facilitar así a súa presenza no obradoiro.

Para superar o problema do idioma como obstáculo á integración do colectivo inmigrante, o Concello da Estrada ten previsto organizar un curso básico de iniciación ao castelán para inmigrantes.



CUBIERTAS DE TURISMO, CAMIÓN Y AGRÍCOLA A LOS MEJORES PRECIOS. Pida presupuesto sin compromiso

Polígono Toedo, Parcela 6, Nave 1. (ANTIGUAS INSTALACIONES NEUMÁTICOS FRENDE). A Estrada. Tels. 986 573 496 / 667 487 737

A FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E PREPARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU CAL

Actualmente, o Recinto Feiral Estradense atópase inmerso nos preparativos dos diferentes eventos deseñados para o presente exercicio económico, no que se levarán a cabo unha Feira de Oportunidades, tres de Antigüidades, a X Feira Profesional do Moble de Galicia e a XXIV Feira do Moble de Galicia.

Nestes intres as labores están encamiñadas a ultimar detalles relativos a IV Feira de Oportunidades e XXXI Feira de Antigüidades, a celebrar os vindeiros días 5, 6 e 7 de marzo. Este evento será realizado conxuntamente pola propia Fundación e a Asociación de Comerciantes de A Estrada, contará con preto de medio cento de firmas expositoras e estará ubicada nos pavillóns 5 e 6, reservando o pavillón 4 para o desenvolvemento paralelo de actividades de lecer para os cativos. O custe da entrada a este certame será dun euro e os visitantes terán o recinto aberto en horario ininterrompido de 10 a 20 horas.

FEIRA DE ANTIGÜIDADES FEIRA DE OPORTUNIDADES



FEIRA PROFESIONAL DO MOBLE DE GALICIA

A mostra amosará un amplo abano de produtos: Por parte de A.C.O.E., téxtil, calzado, librarías e papelerías, pequenos electrodomésticos, sanitarios, ópticas, mobles modernos, etc. e por parte da Fundación, mobles antigos, complementos, agasallos, moedas, selos, mobiliario de época, apeiros de labranza, cadros, porcelana, relojería, radios, libros con historia e curiosidades varias.

A.C.O.E., perante a celebración deste evento, realizará un sorteo diario dunha estancia de fin de semana para dúas persoas nun establecemento de Turismo Rural.

Igualmente, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, atópase traballando activamente na vindeira X Edición da Feira Profesional do Moble de Galicia. Evento cerrado ao público e dirixido aos profesionais do sector. Este evento terá lugar do 22 ao 25 de abril, en horario ininterrompido de 10 a 20 horas e amosará as últimas tendencias de mobiliario doméstico. Unha oportunidade de expoñer as novas liñas referentes ao deseño, colorido e emprego de novos materiais para

CONGRESOS ENDARIO FEIRAL

conquerir uns mobles confortables e acolledores, acordes co gusto do cliente actual.

Unha vez rematada a cita profesional, o equipo humano da Fundación encabezado pola súa Directora Xerente, Nuria Campos, escomezará coas labores organizativas do que será a XXIV Edición da Feira do Moble de Galicia, evento aberto ao público en xeral que terá lugar do 11 ao 19 de setembro, no que o comercio amosará as novidades de mobiliario, decoración, complementos, menaxe, forxa, tapicería, iluminación, etc...

Así mesmo, a Institución conta con outras liñas de traballo a maiores das propiamente comerciais como son: Organización de actividades formativas, Axencia de Emprego e distintas colaboracións puntuais con diversas organizacións.

O Recinto Feiral estradense pretende crear un espazo dinámico e atractivo que seduza aos visitantes por calidade, servizo e prezo.



UNHA DELEGACIÓN DE EMPRESARIOS VISITA A FEIRA DO MOBLE DE ZARAGOZA

Unha delegación de empresarios do sector do moble de A Estrada, acompañados polo alcalde, José Antonio Dono, e a concelleira de Promoción Económica, Montserrat Maceiras, asistiu á II Feira do Moble de Zaragoza, do 14 ao 17 de xaneiro.

As autoridades municipais desprazáronse á capital aragonesa para evidenciar o seu apoio a este sector industrial tan relevante no municipio. "O Goberno local apoia aos nosos emprendedores, e quere que ese respaldo se faga patente", declarou o rexedor.

José Antonio Dono quixo destacar a necesidade de que os empresarios estradenses estean presentes neste tipo de eventos, "de gran relevancia e nos que se establecen importantes oportunidades de negocio". Así mesmo, e segundo tiña afirmado con anterioridade, reiterou o seu convencemento de que é imprescindible, para a proxección dos produtores estradenses, participar nos grandes encontros do sector.

Nese senso, o alcalde anunciou a intención do Goberno local de seguir apoiando a presenza do moble da Estrada nas feiras do sector, "para o cal procuraremos incrementar nos próximos anos as liñas de axuda económica que o fagan posible, de xeito que as empresas poidan aumentar e diversificar a súa asistencia a eventos deste tipo en distintos lugares de España".

A delegación empresarial contou cunha axuda municipal de 12.000 euros para a súa asistencia ao certame de Zaragoza.



IV FEIRA DE OPORTUNIDADES XXXI FEIRA DE ANTIGÜIDADES

5-6-7 MARZO A ESTRADA
HORARIO: 10:00-20:00

FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS
E CONGRESOS DE A ESTRADA
RECINTO FEIRAL - ZONA DEPORTIVA S/N
36680 A ESTRADA - PONTEVEDRA
T.L.F. 986 57 34 06 www.feiradomoble.com

ORGANIZADO POR:



O CONCELLO CONTINUARÁ A DESENVOLVER POLÍTICAS DE EMPREGO DURANTE O ANO 2010

O Concello seguirá en 2010 a desenvolver diferentes accións para seguir a crear emprego no municipio. Nesta liña, o pasado mes de xaneiro reuniuse na Fundación de Congresos e Exposicións de A Estrada o comité de dirección do Pacto Territorial de Emprego para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes para presentar as accións do futuro plan de emprego para este ano, ademais de facer balance das políticas activas de emprego na Comarca de Deza-Tabeirós no 2009.

Para este ano as solicitudes do Concello serán realizadas en función dos programas e do financiamento achegados pola Xunta de Galicia. Desde a Administración local, manéxase unha previsión semellante á realizada en 2009, na cal se solicitou a contratación de 51 traballadores desempregados por un período de 12 meses, para a súa colaboración en tarefas de competencia municipal.

Finalmente, a Xunta concedeu a contratación de 23 traballadores, cunha media de duración de contrato de 6 meses. Ademais, a Xunta concedeu ao Concello o financiamento para a contratación de 9 peóns e 3 capataces para a súa integración no GRUMIR, por un período de 6 meses e medio.

Outra das liñas nas que se solicitará colaboración da Xunta é a realización dunha nova convocatoria do Obradoiro de Emprego, para o cal se solicitaron 46 prazas en 2009, das que finalmente foron concedidas 26. Este ano, farase especial fincapé na rama sociosanitaria desta actuación laboral.

Como novidade, o Concello ten previsto solicitar, para o exercicio 2010, a realización dun Plan Experimental en Materia de Emprego. Este tipo de plans consisten na realización dun programa de formación específico para as persoas integradas no mesmo, que serán guiadas por un orientador laboral no seu proceso de busca activa de emprego. Por ese motivo, solicitarase á Xunta a contratación dun orientador laboral.

O Concello xa solicitou á Xunta a realización, no noso municipio, dos tres cursos FIP para os cales ten homologación, e que son o de técnico auxiliar en deseño gráfico, o de programador de aplicacións informáticas e o de aplicacións informáticas de xestión.

Matimán

VIVIENDAS UNIFAMILIARES

Desde el proyecto a la entrega de llaves,
nos ocupamos de todo

REFORMAS DE VIVIENDA

Soluciones profesionales
para reformas de cualquier tamaño

SERIEDAD GARANTIZADAS · PÍDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Teléfono 981 534 130 C/ Choupana, nº 11, bajo, Santiago de Compostela




CURSO DE ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA NO OBRADORIO DE EMPREGO

Os 26 alumnos do Obradoiro de Emprego iniciaron o 18 de xaneiro un curso de Alfabetización Informática, de 30 horas de duración, impartido por un técnico da Fundación Cultural da Estrada. Trátase dun curso eminentemente práctico, que inclúe formación no uso de internet.

ESCOLA DE FAMILIA ORIENTA A PAIS E NAIS CON FILLOS EN PRIMARIA E SECUNDARIA

No mes de decembro, antes das vacacións escolares, tivo lugar a terceira sesión de Escola de Familia para pais e nais con fillos nos niveis educativos de Primaria e Secundaria, organizada polo Concello da Estrada e a Federación de Asociacións de Nais e Pais, en colaboración cos centros escolares.

A sesión tivo lugar no salón de Plenos e abordou a importancia das normas e dos límites na educación dos menores, asesorando aos pais sobre técnicas e estratexias para que as normas que se establecen dentro da familia se cumpran e non queden en palabras. Tamén se explicaron pautas aos pais que poidan ser útiles para eles mesmos e para que ensinen aos seus fillos a resolver problemas.



**NUEVO RENAULT FLUENCE.
ATRACCIÓN NATURAL.**



DRIVE THE CHANGE



- Carminat Tom Tom integrado • Climatizador bizona
- Llantas 16" • Radio CD-MP3 con Bluetooth
- Radar trasero • ESP • Regulador / Limitador de velocidad

**Ven a descubrirlo a tu concesionario Renault
y gana uno de los 15 exclusivos viajes al corazón de la
belleza clásica: Atenas, Florencia o París*.**

*Promoción válida del 15/01/10 al 28/02/10 en las instalaciones Renault adheridas, consulta el listado de los concesionarios participantes en www.fluenceatraccionnatural.es. Bases depositadas ante Notario y disponibles en www.fluenceatraccionnatural.es y en www.renault.es. Sorteo ante Notario el 15/03/10.

Gama Renault Fluence, consumo mixto (l/100km) desde 4,5 hasta 6,5. Emisiones CO₂ (g/km) desde 119 hasta 155.

Renault recomienda **elf**

Ibericar GESTOSO
AVDA. FERNANDO CONDE, 123.
TEL. 986 570 208. A ESTRADA

O POLÍGONO INDUSTRIAL DE TOEDO, MELLOR ILUMINADO



No mes de decembro entraron en servizo no Polígono de Toedo as novas luminarias adquiridas polo Goberno da Estrada. Os novos elementos de iluminación están equipados con lámpadas de vapor de sodio en alta presión, de baixo consumo e mellor calidade lumínica. Corríxese así a deficiente iluminación que presentaban as zonas verdes e os viais de acceso ao polígono, ademais da substitución das farolas existentes que se atopaban moi deterioradas.

As luminarias instaladas son do tipo Columna Link de un ou dous brazos, con fuste telescópico realizado en aceiro galvanizado. Ademais, instaláronse novos báculos luminosos a ras de chan en paralelo ao trazado da estrada a Santiago. Estes báculos serven tanto para a iluminación do polígono como para balizar a marxe da propia estrada. O seu deseño foi realizado polos técnicos municipais do Concello baixo o nome de Modelo Estrada, e están realizados en aceiro. En total instaláronse 17 luminarias de brazo sinxelo e 16 de brazo dobre, ademais dos 11 báculos mencionados.

A instalación das luminarias no polígono de Toedo contou cunha axuda da Xunta de Galicia, sendo unha iniciativa enmarcada na estratexia de aforro enerxético que se está a levar a cabo desde o executivo local, xunto coas efectuadas en varias rúas do casco urbano e que continuará no presente exercicio.

Manuel

Pena Villamañán naceu na parroquia de Callobre (A Estrada) en 1934 e emigrou a Cuba con apenas 18 anos, en 1952. Esta longa estadía na illa e a súa adicación ao arte lírico, fixeronlle merecedor do Diploma de “Emigrante Distinguido”, que recibiu o 17 de decembro en La Habana con motivo do “Día Internacional del Emigrante”, nun acto ao que asistiron máis dun cento de invitados. Durante a cerimonia recibiron esta distinción un total de 17 emigrantes españois afincados na illa, e 9 membros do órgano consultivo da emigración en Cuba.

Manuel Pena traballa na actualidade como profesor do Instituto Superior de Arte (ISA) na especialidade de arte lírico, contribuíndo á formación de varias xeneracións de cantantes do Teatro Lírico Nacional.

MANUEL CÁNDIDO PENA VILLAMAÑÁN, ‘EMIGRANTE DISTINGUIDO’ EN CUBA





BREVES

SUBVENCIONES PARA PROMOCIÓN ECONÓMICA E ASOCIACIONES



A Xunta de Goberno local aprobou o 21 de decembro a proposta de resolución de varias subvencións convocadas polo Concello da Estrada, con finalidade cultural, económica e de apoio a asociacións de residentes no exterior.

En concreto, a Concellería de Cultura destinará axudas por un importe global de 18.350 € para entidades e accións destinadas á organización de actividades educativas, culturais ou artísticas concretas; á organización de actividades de fomento da cultura popular; ou para gastos de funcionamento das entidades. En total, serán 56 as asociacións que se benefician destas axudas.

Pola súa banda, a Concellería de Promoción Económica concede cinco subvencións para colaborar con outras tantas asociacións de empresarios en campañas de promoción de carácter comercial e industrial, cun volume global de 38.000 euros.

Estas axudas teñen carácter post-pagable, e as súas bases foron convocadas pola Xunta de Goberno local do 10 de agosto de 2009, e publicadas no BOP do 21 de outubro de 2009.

A terceira liña de subvencións acordadas está destinada a apoiar a actividade dos centros culturais de estradenses no exterior “Hijos del Partido de A Estrada en Buenos Aires” e “Hijos de A Estrada en Caracas”, a cada un dos cales se conceden 2.000 euros.



www.grupobrea.com



CIUDAD DEL TRANSPORTE, C/B - BLOQUE 2

POLÍGONO DEL TAMBRE - SANTIAGO DE COMPOSTELA

AUDI A3 SPORTBACK TDI

AÑO 2009. GARANTÍA OFICIAL DE FÁBRICA.
EXTRAS: LLANTAS, ORDENADOR,
APOYABRAZOS, CONTROL VELOCIDAD,
MP3 + AUX., FAROS NIEBLA,
BARRAS DE TECHO CROMADAS, ETC.
DISPONIBLE EN VARIOS COLORES.

DESDE
18.600 €

SEAT IBIZA 1.9 TDI

90 CV. 5P. REF.
JULIO 2008. AIRE ACONDICIONADO,
ABS+ESP, CD, CONTROL
PRESION NEUMÁTICOS,
PINTURA METALIZADA,
VOLANTE Y ASIENTO
REGULABLE, ETC.

PRECIO AUTOCASIÓN
10.200 €

VOLKSWAGEN POLO 1.2 I. 5P. 70CV.

JUNIO 2009. CLIMATIC,
ABS, 4 AIRBAGS,
CD+MP3,
PINTURA METALIZADA, ETC.

PRECIO AUTOCASIÓN
9.900 €

SKODA FABIA 1.4 TDI 70 CV. YOUNG

AÑO 2008. CLIMATIC, ABS,
AIRBAGS, ORDENADOR,
AUDIO MP3,
PINT. METALIZADA, ETC.

PRECIO AUTOCASIÓN
9.500 €

**¿EL INVIERNO ES PARA
QUEDARSE EN CASA?**

www.grupobrea.com



AXENDA CULTURAL

XOVES 4 DE MARZO ÁS 20:30 H.

Banda Xuvenil e Orquestra do Conservatorio de Música da Estrada

Entrada gratuíta



DOMINGO 7 DE MARZO ÁS 21:00 H.

Miguel Lago de Paramount Comedy

Entrada: 5 €

O galego Miguel Lago é o cómico con máis monólogos na canle Paramount Comedy, que mesmo lle dedicou un monográfico. Triunfador nos teatros da Gran Vía e Barcelona co seu monólogo “Los niños están gordos”, recala na Estrada, despois dos seus espectaculares cheos nas grandes cidades galegas.



VENRES 19 DE MARZO ÁS 21:00 H.

“Kvetch” de Teatro do Morcego

Entrada: 5 €

Unha comedia absolutamente frenética e cun corte moi contemporáneo protagonizada por Celso Parada e o resto da troupe cómica de Teatro do Morcego, dirixidos nesta ocasión por un dos directores españois máis recoñecidos no ámbito da comedia. Kvetch, un texto que foi un éxito nas súas montaxes en USA e Gran Bretaña, mostra unha moi particular visión acerca da ansiedade que atenaza ao home moderno.

VERNES 26 DE MARZO ÁS 21:00 H.

Linho do cuco

Entrada Gratuíta



VENRES 16 DE ABRIL ÁS 21:00 H.

“Exitus” de Titzina Teatro

Entrada: 5 €

Unha das compañías máis lembradas nas súas anteriores actuacións por A Estrada, coas obras “Soños de psiquiátrico” e “Entrañas”, reflexiona esta vez sobre a morte coa súa nova obra “Exitus”. Titzina é un proxecto teatral case único que constrúe os textos cunha previa inmersión física na realidade que desexan tratar para compoñer logo guiños exquisitos que transitan entre a risa e a emoción nun equilibrio imposible. É unha das compañías estatais máis respectadas nos festivais teatrais e resulta unha das

máis difíciles de contratar pola súa perenne escaseza de datas libres.



VENRES 23 DE ABRIL ÁS 21:00 H.

“Utopía” de Leo Bassi

Entrada: 10 €

Un Leo Bassi no seu mellor momento de madurez creativa e tras o apabullante éxito de “La Revelación”, reflexiona co seu inimitable discurso sobre a utopía, sobre a perda da ilusión polo cambio social, a desesperanza, a ilusión, a ilustración e o soño dunha sociedade máis xusta e humana.

VENRES, SÁBADO E DOMINGO 7, 8, 9 DE MAIO ÁS 21:00H.

“Palabras encadeadas” de Talía Teatro

Talía Teatro adéntrase esta vez no terreo do Thriller psicolóxico, conseguindo recrear unha atmosfera opresiva e violenta onde as cousas non resultan ser o que parecen cun texto cargado de sorpresas e xiros imprevistos. Neste caso, ademais, os espectadores que acudan á función, poderán contemplala dende unha nova perspectiva.

XOVES 13 DE MAIO ÁS 20:30 H.

Orquestra do Conservatorio de A Estrada

Entrada Gratuíta

MÉRCORES 19 DE MAIO ÁS 20:30 H.

Orquestra de Cámara do Conservatorio de Vigo

Entrada gratuíta

SÁBADO 22 DE MAIO ÁS 20:30 H.

Orquestra de Cámara Gallega

Entrada gratuíta



VENRES 28 DE MAIO ÁS 21:00 H.

“Master Class” con Mabel Rivera, de Bengala | *Entrada: 5 €*

A excelente actriz Mabel Rivera, ben coñecida por “Pratos combinados”, “Mar aberto”, etc, encabeza un plantel de extraordinarios actores para nunha das grandes producións galegas deste ano, traer á escena a vida de María Callas.

SERVIZOS E TELÉFONOS DE INTERÉS



HORARIO DE AUTOBUSES

AUTOBUSES "LA ESTRADENSE"

A ESTRADA - SANTIAGO

Días Laborables: 06:55-07:20-08:00-08:30-09:10-10:00-10:45-13:15-15:00-15:30-16:30 (días lectivos)-18:00-19:00-20:00 (de luns a xoves lectivos)

Bus universitario: 07:20 (C. Sur)-07:20 (C. Norte)-15:00 (Saídas da Praza de Galicia)

Sábados: 08:30-10:00-15:00-18:15

Domingos e Festivos: 09:00-18:15

Nota: Saídas dende a estación de autobuses de A Estrada e Santiago de Compostela. Paradas en Santiago: Hipercor-Pontepedriña-Avda. de Lugo-Estación de autobuses.

** Este bus non pasa pola Avenida de Lugo.

* Este bus sae do C. Norte para a estación de autobuses (Non pasa polo C. Sur)

SANTIAGO - A ESTRADA

Días Laborables: 07:45-09:00 (Enlace en Souto de Vea)-09:45-10:30-11:30-12:30-13:30 (Días lectivos)-14:00-15:15-16:30-17:15-18:00 (Días lectivos)-19:00-20:15

Bus universitario: *15:00 (Saída do Campus Norte)-**21:30 (C. Norte e C. Sur)

Sábados: 9:15-12:30-17:15-20:15

Domingos e festivos: 12:30-20:00

A ESTRADA - PONTEVEDRA

Días Laborables: 6:30-7:45-8:25-9:55-13:00-15:30-18:45

Sábados: 8:30-9:55-15:30

Domingos e Festivos: 18:00

PONTEVEDRA - A ESTRADA

Días Laborables: *8:00-9:45-12:00-13:15-14:15-17:00-19:10-20:00 (* Líneas de destino Lalín)

Sábados: *12:00-13:15-17:00-19:10

Domingos e Festivos: *20:00 (* Líneas de destino Lalín)

A ESTRADA - LALÍN

Días Laborables: 9:15-11:00-13:20-15:30-18:00-20:00

Sábados: 13:20-18:00

Domingos e festivos: 21:00

LALÍN - A ESTRADA

Días Laborables: 7:30-8:40-14:30-17:45

Sábados: 14:30

Domingos e festivos: 17:00

LALÍN - SILLEDA

Días Laborables: 12:25

A ESTRADA - VIGO

Días Laborables: 7:45-15:30

Sábados: 8:30

Domingos e festivos: 18:00

VIGO - A ESTRADA

Días Laborables: 11:15-18:30

Sábados: 11:15

Domingos e festivos: 19:30

A ESTRADA - CRUCES

Días Laborables: 20:00

CRUCES - A ESTRADA

Días Laborables: 6:55

Sábados: 7:30

A ESTRADA - CERDEDO

Días Feira: 13:15

CERDEDO - A ESTRADA

Días Feira: 9:55 (Bar Rojo)

A ESTRADA - FORCAREI

Días Laborables: 18:30

Sábados: 13:15

Días de Feira: 13:15-18:30

FORCAREI - A ESTRADA

Días Laborables: 7:30

A ESTRADA - BEARIZ

Días Laborables: 18:30

Sábados: 13:15

BEARIZ - A ESTRADA

Luns e Venres laborables: 7:00

A ESTRADA - NIGOI - TABEIROS - CODESEDA

Días Laborables: 13:15-18:30

ALTO DA RUZ - CALDAS DE REIS por Arcos e Moraña

Días Laborables: 9:30

CALDAS DE REIS - ALTO DA CRUZ por Arcos e Moraña

Días Laborables: 12:00

A ESTRADA - SOUTO DE VEA por Sieiro e Matalobos

Días Laborables: 12:00 (Saída da Praza de Galicia)

SOUTO DE VEA - A ESTRADA por Sieiro e Matalobos

Días Laborables: 9:30 (Salida desde Bar "A Parra", en Souto de Vea)

OS VERXELES - AUGAS MANSAS - RUA DA ROSA (Santiago)

Días Laborables: 7:30-10:30-12:30-15:00-16:30-19:15

RUA DA ROSA (Santiago) - AUGAS MANSAS - OS VERXELES

Días Laborables: 8:00-10:00-11:45-14:20-16:00-18:50-20:00



SAUDE

Ambulatorio	986 57 20 63
Urgencias	986 57 20 64
Centro Saúde de Codeseda	986 58 40 09
Centro Saúde de Oca	986 58 77 46
Centro Saúde de Vea	986 58 65 90
Farmacia Codeseda	986 58 41 69
Farmacia Oca	986 58 74 47
Farmacia Vea	986 58 67 60
Farmacia O Foxo	986 58 83 41
Farmacia Durán	986 57 08 57
Farmacia Eirín	986 57 05 32
Farmacia Outón	986 57 08 17
Hospital Provincial	986 85 55 00



CULTURA

Biblioteca	986 57 31 88
CEIP Codeseda	986 58 40 15
CEIP Figueroa	986 57 00 56
CEIP Manuel Villar Paramá	986 58 64 93
CEIP Oca	986 58 76 65
CEIP O Foxo	986 58 80 80
CEIP Pérez Viondi	986 57 00 54
Club de lectores de Galicia	986 57 34 06
Conserv. Prof. de Galicia	986 57 24 92
CPR Nra. Sra. de Lourdes	986 57 08 74
- Infantil e primaria	986 59 01 09
- Secundaria	986 57 36 01
Delegación de Cultura	986 57 03 36
IES "A. Losada Diéguez"	986 59 01 04
IES "M. García Barros"	986 57 20 54
IES Nº 1	986 59 01 21
Oficina inform. xuvenil	986 59 01 21



ORGANISMOS

Acad. Galega de seguridade	986 59 00 21
AEAT	986 57 22 11
Asociación de consumidores e amas de casa	986 57 31 13
Asociación de Empresarios	986 57 14 11
Axencia Gal. de colocación	986 57 34 06
Centro Social 3ª idade	986 57 15 96
Concello da Estrada	986 57 01 65
Correos e telégrafos	986 57 00 57
Escola Taller	986 57 33 36
Fund. Comarcal Tabeirós	986 57 21 57
Terra de Montes	986 57 21 57
Fundación de Exposiciones e Congresos	986 57 34 06
Garda Civil	986 57 00 44
INEM	986 57 06 15
Policia Local	986 57 08 98
Protección Civil	986 57 33 33
Radio Estrada	986 57 34 33
Servicio de recadación	986 57 21 75
Xulgado de 1ª instancia	986 59 09 39



GRUPO CONSTENLA

CONSTRUCCIONES CONSTENLA VEA, S.L.

C/ Santo Andrés de Vea,
Ramiráns. nº 10
A ESTRADA (Pontevedra)
Tel./Fax. 986 586 874
Móvil 609 606 130

EXCAVACIONES E TRANSPORTES CONSTENLA, S.L.

C/ Santo Andrés de Vea,
Ramiráns. nº 8
A ESTRADA (Pontevedra)
Tel./Fax. 986 586 874
Móvil 609 606 130

TRANSPORTES ESPECIALES Y ALQUILER DE ELEVADORES

Avda. de Madrid, s/n
ALGÁNDARA DEL REY (Madrid)
Tel./Fax. 912 792 045